



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28 DE XUÑO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00028542B.

Aprobación de actas de sesións anteriores.

Acórdase:

Aprobar as actas das sesións extraordinarias e urxentes de datas 15 e 16 de xuño de 2021.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00015060F.

Licenza de obra maior.

Acórdase:

Primeiro: Aceptar a cesión dunha superficie de 3,69 metros destinada a viario contida na escritura de segregación e cesión outorgada o 03/06/2021, de número de protocolo 1.035.

Segundo: Conceder a COLIVING COMPOSTELA S.L. licenza de obras de ampliación e reforma para residencial comunitario na Avenida de Rosalía de Castro 88, consonte Proxecto básico redactado pola arquitecta Alicia Noya Ansele, con rexistro de entrada de 05/04/2021 e anexo de 03/05/2021, cun orzamento de execución material **494.991,16 euros**.

As actuacións consistirán na reforma e ampliación de edificación de soto, catro plantas e baixo cuberta para residencial comunitario (19 aloxamentos), cunha superficie construída total de 852,50 m² (superficie útil de 616,35 m²), ocupación en planta de 241,20 m² e altura de 12 metros.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza especial OE-1.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1557/2019.

Rectificación licenza de segregacion

Acórdase:

RECTIFICAR o acordo da Xunta de Goberno Local da cidade de Santiago de Compostela de data 14 de decembro de 2020, no sentido de aclarar e para facer constar que onde di "...AVDA ROSALÍA DE CASTRO 120 ..." debe dicir "...AVDA ROSALIA DE CASTRO 122..." ratificando as restantes disposicións da resolución concedida.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1283/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aceptar a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 25 de maio de 2021, de número de protocolo mil trescentos trinta e catro. Debera presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

SEGUNDO.- Conceder licenza, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 07/01/2021 e a documentación presentada o 09/01/2021, 03/03/2021 e o 01/06/2021, para a construción dunha vivenda unifamiliar illada no Lg Cacharela Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de **226.378,15 euros**.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00012276Y.

Licenza obra maior.

Acórdase:

Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 15/03/2021, o acondicionamento de local para uso de vivenda situada na Praza de Algalia de Abaixo, 3 Baixo, Santiago de Compostela (A Coruña) cun orzamento de execución material de 8.170,00 euros.

6. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/1615/2020.

Licenza de segregacion.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Aceptar as cesións de viario formalizada nas Escritura públicas de data 15/04/2020, co número de protocolo mil setenta e dous; e de data 23/03/2021 co número de protocolo setecentos oitenta e nove. Dúas parcelas de 127,12 e 114,20 m². Deberase presentar as escrituras liquidadas nun razo dun mes.

SEGUNDO.- Conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme a documentación técnica de data de visado do 05/10/202 e a documentación presentada o 25/03/2021e o 25/05/2021, a segregación finca situada no Lg Barreiro, 1 Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes PARCELAS DE RESULTADO:

**PARCELA RESULTADO 620-1. Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado en Ordenanza 13. Superficie Neta 9.395,57m²s*

**PARCELA RESULTADO 620-2*

Solo Clasificado como Solo de Núcleo Rural Categoría Consolidado e Cualificado en Ordenanza 14. Superficie Neta 1.384,52m²s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

7. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00019975T.

Licenza obra maior.

Acórdase:

Conceder ao Consorcio da cidade de Santiago , licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e proxecto básico e de execución presentado na data 24/05/2021, a instalación de cuberta telescópica para as piscinas exteriores do Multiusos do Sar situado na Rúa de Fontes do Sar, 10 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 815.166,21 euros, coas seguintes condicións:

☑ Deberá disporse de extintores cada 15 m. dende calquera orixe de evacuación.

☑ Deberán cumprirse os parámetros indicadores da calidade do aire conforme o Real decreto 742/2013, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.

A intervención descrita no Proxecto presentado prevé realizar as seguintes obras:

☑ Substitución da cuberta da piscina por unha nova telescópica, con perfilería de aluminio e pechamento vertical de vidro e cuberta de paneis de polycarbonato. Precisa cimentación.

☑ Adecuación das instalacións de climatización/ventilación e electricidade/iluminación. Proxéctanse dous pórticos perimetrais de formigon para dar soporte as novas instalacións.

☑ Ampliación da zona de vestiarios mediante unha pequena edificación adicada a zona de contraste (sauna e baño turco) de 57,90 m².

8. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/373/2020.

Licenza obra maior.

Acórdase:

PRIMEIRO.- ACEPTAR a cesión de viario formalizada na Escritura pública de data 14/06/2021, outorgada co número de protocolo mil setecentos sesenta e cinco. Deberase presentar a escritura liquidada nun prazo dun mes.

SEGUNDO.- CONCEDER licenza para o proxecto básico de data de visado 21/02/2020 a documentación presentada o 24/04/2021, 01/06/2021 e o 21/06/2021, cun orzamento de execución material de 306.123,60 euros.

9. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU0035.

Convalidación de gastos por omisión da función interventora da factura expedida por “Servicios y Materiales, S.A.” (SERMASA), con CIF núm. A28781151, en concepto de xestión das Escolas Infantís Municipais de Conxo e Fontiñas, correspondente ao mes de abril de 2021.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de **32.398,27 euros**, segundo a factura número de relación contable F/2021/1855 en concepto de xestión das escolas infantís municipais de Conxo e Fontiñas correspondente ao mes de abril de 2021.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade da prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: F/2021/277.

Recoñecemento da débeda a favor de EIC DURAN SL pola factura 2021/277.

Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión da aprobación previa destes, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, -os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, en concepto de honorarios profesionais de asistencia técnica da redacción do proxecto de acondicionamento do Camiño de Fisterra en Vilariño de Abaixo, e dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de EIC DURAN SL, segundo se reflicte na factura F/2021/277, e con imputación á aplicación orzamentaria 100 15321 6400100 que figura na acta de conformidade, por un importe total de **7.713,75 euros**.

11. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2021/00023917D.

Corrección de erros da convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón de contía. F/2021/677

Acórdase rectificar os seguintes erros materiais:

1. Na parte dos antecedentes, onde pon “*Vista a factura F/2020/677*” deberá por “*Vista a factura F/2021/677*”.

2. No punto segundo do acordo, onde pon “*con imputación á aplicación orzamentaria 040 33404 2269900*” deberá por “*con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2269900*”.

12. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2021/00023957A.

Convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón de contía. S/2021/70

Acórdase rectificar o erro material do punto segundo do acordo do 7 de xuño de 2021 da Xunta de Goberno Local e onde pon “*con imputación á aplicación orzamentaria 040 33404*

2269900” deberá por “*con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2269900*”.

13. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2021/00026183K.

Corrección de erros da convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón de contía. F/2021/1890

Acórdase rectificar o erro material do punto segundo do acordo do 14 de xuño de 2021 da Xunta de Goberno Local e onde pon “con imputación á aplicación orzamentaria 040 33404 2269900” deberá por “con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2269900”.

14. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2021/00028398M.

Convalidación de gastos correspondentes a contratos menores por razón de contía. S/2021/74.

Acórdase:

Primeiro. Convalidar as actuacións de gastos levadas a cabo con omisión de requisitos ou trámites esenciais, considerando acreditada para a totalidade dos indicados gastos, - os cales se corresponden na súa totalidade con contratos menores por razón de contía dos regulados no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público-, a necesidade da súa contratación e o cumprimento dos requirimentos fixados no referido precepto legal, de acordo cos antecedentes e informes incorporados ao expediente.

Segundo. Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas derivadas dos referidos gastos a favor de LARA TORRES RODRÍGUEZ, segundo se reflicte na relación contable S/2021/74, e con imputación á aplicación orzamentaria 040 33403 2269900 que figura nas actas de conformidade das facturas, por un importe total de **3.887,81 euros**.

15. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00020038V.

Aprobación texto convenio Concello de Santiago-Museo do Pobo Galego 2021.

Acórdase que se proceda á aprobación do texto do convenio e a transferencia corrente ao Museo do Pobo Galego, por importe de **30.000 euros** (destinados a financiar unha parte do plan de actividades de 2021) con imputación á aplicación orzamentaria 050 33300 4890200.

16. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00028728J.

Dación de conta á XGL da sentenza núm. 181/2021 recaída no procedemento PO 30/2020 CA2.

Dáse conta da sentenza nº 181/2021 do 3.06.2021 do Xulgado do Contencioso administrativo nº 2 de Santiago de Compostela ditada no PO 30/2020

Obxecto: Recurso contencioso – administrativo contra a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial por lesións producidas por caída na vía pública ao tropezar con losetas levantadas.

Contía solicitada: **51.564,06 euros**.

A sentenza é **parcialmente favorable** aos intereses municipais, xa que estima en parte o recurso e fronte á contía inicialmente reclamada de 51.564,06 euros condea ao concello a **aboar a cantidade de 20.000 euros** xunto cos intereses de demora dende a data de presentación da reclamación na vía administrativa, ao entender que a caída non se debeu exclusivamente ao defectuoso funcionamento do servizo público, senón tamén á desatención na deambulación da recorrente, estimando a existencia dun suposto de concorrencia de culpas.

Contra dita sentenza cabe interpoñer recurso de apelación.

Á vista de canto antecede, acordase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer contra ela recurso de apelación.

17. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2021/00028515F.

Dación de conta á Xunta de Goberno Local da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 177/2021 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo núm. 2.

Dase conta da sentenza nº 213/2021

Obxecto: sanción de 180€ por infracción art. 7 RD 926/2020 COVID.

A sentenza é favorable para o Concello, non recorrible en apelación. Con ocasión dunha denuncia veciñal, os axentes da Policía Local formulan denuncia que da lugar a dous expedientes sancionadores: un por ruídos, xa firme; e outro por infracción de medidas anticovid, concretamente a presenza de dous persoas non conviventes no domicilio do denunciado.

Contra esta resolución non cabe interpoñer recurso de apelación.

Á vista de canto antecede, acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico e Policía Local para o seu coñecemento.

18. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00028542B.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Acórdase tomar coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 18 ao 24 de xuño de 2021.

URXENCIAS

19. 2021/00020689R / Préstamo ou operación de crédito.

Acórdase adxudicarlle o contrato de préstamo, con previa apertura de crédito, por importe de DEZ MILLÓNS DE EUROS (10.000.000 euros) á entidade LIBERBANK de acordo co PREGO DE PRESCRICIÓN aprobada xunto co expediente no acordo da sesión da Xunta de Goberno Local do 26 de maio de 2021 e coa oferta económica presentada; isto é: Importe: 10.000.000,00 euros; Euribor trimestral + 0,52; sen xuros de mora.

20. 2021/00028708Q / Concurso ordinario o específico.

Acórdase nomear a Don PABLO ABUÍN RATÓN como Vicedirector da asesoría xurídica do Concello de Santiago de Compostela co carácter de órgano directivo do artigo 130 da LBRL, por consideralo o candidato máis idóneo, tendo en conta a súa experiencia profesional e as necesidades expostas pola asesoría xurídica.

21. CON/31/2020. PROCEDEMENTO: Adxudicación do contrato “Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e do arboredo do Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro. Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa CESPA COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SERVICIOS PUBLICOS AUXILIARES SA, por un importe de 3.232.873,43 euros anuais (IVE aparte 21% mantemento/10% limpeza: 541.838,90 euros), sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete unha baixa de 55 % sobre o cadro de prezos tal e como vén definido no apartado 1.6.2 do prego técnico.

Segundo. Aprobar e dispoñer o gasto necesario para o financiamento deste contrato, que se imputará á aplicación orzamentaria **020 17100 2279901**, reservando as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades, constanding para esta nova distribución axustada á realidade do servizo a conformidade da empresa contratista, e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: 1.809.793,59 euros.

Anualidade 2022: 3.774.712,34 euros.

Anualidade 2023: 3.774.712,34 euros.

Anualidade 2024: 1.964.918,75 euros.

22. 2021/00028733H. PROCEDEMENTO: P2 - Preparación, xestión e adxudicación do contrato de “Subministración de vehículos para a Policía Local de Santiago de Compostela mediante arrendamento con mantemento (renting): Lote 1: Dous vehículos

tipo turismo "UMK" (unidade móbil camuflada); Lote 2: Un vehículo tipo turismo; Lote 3: Un vehículo tipo todoterreo; Lote 4: Oito vehículos tipo monovolume".

Acórdase:

Adxudicar o contrato de referencia a favor das empresas GRUPIVAZGLE SL. que oferta un importe de 66.720 euros para o lote I e AUTOS IGLESIAS SL, que oferta un importe de 37.056 euros para o lote II, de 49.680 euros para o lote III e de 356.352 euros para o lote IV, (IVE aparte 21%: lote I: 14.011,20 euros; lote II: 7.781,76; lote III: 10.432,80 euros; lote IV: 74.833,92 euros), sendo as súas ofertas as máis vantaxosas das presentadas.

Así mesmo GRUPIVAZGLE SL compromete para o lote I un prezo/km de 0.078 euros polo abono dos quilómetros non consumidos durante o período de arrendamento respecto dos km/ano estimados para cada tipo de vehículo e un cargo/km de 0,00 euros polo exceso de quilómetros consumidos durante o período do arrendamento con respecto aos km/ano estimados para cada tipo de vehículo.

Pola súa banda, a empresa AUTOS IGLESIAS SL compromete para os lotes II, III e IV un prezo/km de 0.062 euros polo abono dos quilómetros non consumidos durante o período de arrendamento respecto dos km/ano estimados para cada tipo de vehículo e un cargo/km de 0,00 euros polo exceso de quilómetros consumidos durante o período do arrendamento con respecto aos km/ano estimados para cada tipo de vehículo.

Acórdase tamén aprobar e dispoñer o gasto necesario para o financiamento deste contrato, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 132002040000, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades, constando para esta nova distribución axustada á realidade da subministración a conformidade da empresa contratista, e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2021: Lote I: 15.137,10 euros/ Lote II: 8.407,08 euros/ Lote III: 11.271,15 euros/ Lote IV: 80.847,36 euros.

Anualidade 2022: Lote I: 20.182,80 euros/ Lote II: 11.209,44 euros/ Lote III: 15.028,20 euros/ Lote IV: 107.796,48 euros.

Anualidade 2023: Lote I: 20.182,80 euros/ Lote II: 11.209,44 euros/ Lote III: 15.028,20 euros/ Lote IV: 107.796,48 euros.

Anualidade 2024: Lote I: 20.182,80 euros/ Lote II: 11.209,44 euros/ Lote III: 15.028,20 euros/ Lote IV: 107.796,48 euros.

Anualidade 2025: Lote I: 5.045,70 euros/ Lote II: 2.802,36 euros/ Lote III: 3.757,05 euros/ Lote IV: 26.949,12 euros.

23. CON/39/2019. PROCEDEMENTO. Prórroga Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2019-2020

Acórdase a aprobación da 2ª prórroga do contrato administrativo para a xestión do servizo de Catering e de Persoal Monitor/Coidador de Comedor Escolar para os CEIPS dependentes do Concello de Santiago de Compostela 2019-2020 por un período de 7 meses, desde o 1 de xullo de 2021 ata o 30 de xaneiro de 2022.

A aprobación do gasto correspondente á prórroga que acada o importe total de 510.555,70 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 080 32601 2279900 e de acordo coas seguintes anualidades:

2021- por importe de 415.568,59 €

2022- por importe de 94.987,11 €, supeditado á consignación de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deste exercicio (artigo 174 TRLRFL).

24. CON/22/2019. PROCEDEMENTO: Adxudicación do contrato denominado "Servizo para a execución do programa piloto para a implantación dun servizo de atención á infancia para a conciliación da vida laboral, familiar e persoal na Ludoteca das Fontiñas, no espazo educativo e de lecer MARÍA MIRAMONTES"

Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ESCUELA DE TIEMPO LIBRE DON BOSCO, por un importe de 120.037,98 euros (IVE aparte 10%: 12.003,80 euros),

e cun importe total de **132.041,78 euros**, sendo a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Tamén se aproba e dispón o gasto necesario para o financiamento deste contrato, que se imputará á aplicación orzamentaria **080 32600 2279901**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades, constando para esta nova distribución axustada á realidade do servizo a conformidade da empresa contratista, e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios:

Anualidade 2021: 63.453,40 euros.

Anualidade 2022: 56.584,58 euros.

25. 2021/EDU0037. PROCEDEMENTO. Aprobación dos prazos e o procedemento de admisión e matrícula nos Servizos de Comedor e de Madrugadores na Rede de Centros Públicos de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2021-2022

Apróbanse os prazos e o procedemento de admisión e matrícula nos servizos de madrugadores e de comedores na Rede de Centros de Educación Infantil e Primaria do Concello de Santiago de Compostela para o curso 2021-2022, de acordo coas seguintes características :

Primeiro. Orde de adxudicación das prazas.

1. Debido a situación actual por mor da pandemia da COVID-19 estímase que no inicio do curso escolar terase que gardar unha distancia de seguridade entre os comensais e cumprir coas instrucións que determinen as autoridades sanitarias e educativas competentes na materia. Por este motivo, a capacidade de todos os comedores pode reducirse a máis da metade, polo que poderían contar con dobre quenda de comida (priorizando na primeira quenda os escolares de infantil e primeiros cursos de primaria) ata completar o aforo que se estableza en cada espazo de comedor.

2. Tendo en conta o volume de solicitudes recibidas para o curso 2020-2021 e atendendo ás restricións que se poden derivar da situación sanitaria, é necesario restrinxir o número de usuarios que poden facer uso do comedor. Por este motivo, e polo que sería preciso establecer **a seguinte orde de preferencia na asignación das prazas de madrugadores e de comedor escolar** entre aqueles solicitantes que presenten a solicitude nos prazos establecidos:

1º O alumnado bolseiro polo Departamento de Benestar social do Concello de Santiago de Compostela.

2º Aquelas familias nas que ambos titores estean traballando ou en tránsito laboral no horario de comedor, ou un no caso de familias monoparentais.

Terán preferencia entre elas, as familias que soliciten os 5 días da semana e polo tanto, o mes completo. A continuación, a orde de asignación de prazas será en función do número de días solicitados e dicir: 1º lugar 5 días, 2º lugar 4 días, 3º lugar 3 días, 4º 2 días e por último os que soliciten un día fixo.

Sempre e cando existan prazas dispoñibles nos servizos de comedor e madrugadores, **unha vez asignadas as prazas dos apartados 1 e 2, asignaríanse as prazas cos seguintes criterios:**

3º As solicitudes de usuarios fixos (5 días a semana, mes completo). A continuación, a orde de asignación de prazas será en función do número de días fixos solicitados e dicir: 1º lugar 5 días, 2º lugar 4 días, 3º lugar 3 días, 4º 2 días e por último os que soliciten un día fixo.

No caso de empate realizaríase un sorteo.

3. Todas as solicitudes entregadas nos prazos establecidos que non obtiveran praza, quedarán en lista de agarda ata que se produza unha vacante no servizo solicitado e irán entrando en orde segundo os criterios anteriores.

Para a asignación das citadas prazas, teranse en conta os servizos contratados. Neste próximo curso escolar, a empresa Alimentación Saludable Gallega, S.A. pón a disposición do servizo de madrugadores e comedores a APP *ColeChef*. Nesta plataforma de comunicación

bidireccional poderase consultar a programación diaria de menús, a información nutricional e realizar as xestións de contratación dos servizos (altas e baixas). **Para utilizar o servizo de xantar e/ou almorzo será requisito imprescindible rexistrarse nesta APP.**

5. Os datos facilitados polas familias, no caso de ser necesarios, serán comprobados coa listaxe de beneficiarios de Bolsas que resolva o Departamento de Benestar Social e coa acreditación documental, por parte das familias, de necesidade de conciliación laboral ao coincidir os horarios de traballo co horario de comedor e madrugadores (ou no seu tránsito).

6. No caso de que as familias non fagan uso do servizo de madrugadores e de comedores sen causa xustificada por razón de forza maior e debidamente comunicada e acreditada, ou ben non faga uso do servizo en base a solicitude presentada durante dúas semanas continuadas, decaerá o seu dereito de reserva de praza no servizo de comedores e madrugadores, pasando ao último posto da lista de agarda e dando lugar ao cobro íntegro do servizo contratado.

7. Queda aberta a inscrición fora dos prazos establecidos, durante o resto do curso, unicamente co criterio de orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello, sempre que haxa praza vacantes e, despois de que entrasen os usuarios que realizaron a matrícula nos prazos establecidos.

8. Non obstante ofrécese a posibilidade de contar cun servizo de comida para levar para aquelas familias que o desexen que consiste nunha bolsa cunha barqueta que inclúe (un primeiro, un segundo, postre e pan) para consumir en casa. A comida entrégase en liña quente. O prezo é o mesmo que o menú no comedor e, de non facer uso do servizo sen causa xustificada, rexerán os mesmos criterios indicados no apartado seis.

9. Todas estas medidas estarán vinculadas á evolución da pandemia, podendo ser máis flexibles ou máis estritas en función desta e podendo chegar incluso á suspensión do Servizo se as autoridades sanitarias e educativas así o determinan.

Segundo. Prazo e procedemento de matrícula.

Ábrese o prazo de matrícula nos Servizos de Comedor e/ou de Madrugadores no curso 2021-2022, tanto para a renovación como para os novos usuarios, dende o 30 de xuño ata o 14 de xullo de 2021 (ámbolos dous inclusive):

a. **Novos usuarios:** deberán entregar cuberto o correspondente impreso de matrícula [ANEXO I] e deberán rexistrarse posteriormente na APP *ColeChef*.

No momento da presentación das solicitudes nos prazos establecidos, non será necesario achegar ningunha documentación. O Departamento de Educación poderá requirir ás familias a presentación daqueles documentos que sexan necesarios para verificar o cumprimento dos criterios de admisión. b. **No caso dos usuarios/as que fixeran uso dos servizos ou entregaran a ficha de matrícula no curso 2020-2021,** só terán que rexistrarse na APP *ColeChef*.

Admitiranse as solicitudes fora dos prazos establecidos durante o curso 2021-2022 pero, neste caso, a admisión nos servizos estará condicionada á existencia de prazas vacantes nos servizos de comedores e madrugadores no momento de presentar a solicitude. En todo caso, terán preferencia, as solicitudes recibidas nos prazos establecidos.

4.2 As solicitudes presentaranse segundo o modelo normalizado ben por medios electrónicos ou de xeito presencial, solicitando cita previa, no Rexistro xeral do Concello de Santiago (Rúa Presidente Salvador Allende 4, Galeras) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

- Para solicitar cita previa no Rexistro Xeral do Concello de Santiago poden chamar ao teléfono 881 505 107 ou a través da páxina web:

<https://citaprevia.santiagodecompostela.gal/>

- Se presenta a solicitude a través da sede electrónica do Concello de Santiago (<https://sede.santiagodecompostela.gal/>) escolla o trámite "Inscrición nos servizos de madrugadores e comedores" dentro do catálogo de trámites dispoñibles.

4.3 Para evitar os desprazamentos das familias interesadas e aos efectos de obter información precisa sobre o proceso, toda a información estará dispoñible na páxina web municipal. Os interesados poderán ademais contactar co Departamento de Educación no correo electrónico

dptoeducacion@santiagodecompostela.gal ou vía telefónica (981 554 400/401).

4.4 O impreso de matrícula poderá descargarse da páxina web do Concello de Santiago de Compostela www.santiagodecompostela.gal. Tamén se lles facilitará á información mediante correo electrónico aos centros de ensino obxecto desta convocatoria e á Federación de ANPAS "Compostela", co obxecto da súa difusión entre as familias e na súa páxina web.

Terceiro. Tratamento de datos como resultado do proceso de matriculación.

Está previsto que a empresa adxudataria do servizo realice todos os labores administrativos dos procesos de matriculación dos usuarios: introdución dos datos dos usuarios na base de datos, realización de chamadas telefónicas, envío de correspondencia e correos electrónicos e todos aqueles labores que sexan necesarios e se lle encomenden para a mellor planificación e desenvolvemento do servizo de xantares e madrugadores, baixo a supervisión do Departamento municipal de Educación e de acordo co establecido no Prego de Prescricións técnicas que rexen o contrato Administrativo para a Prestación do Servizo de Catering e de Persoal Monitor/Coidador de Comedor Escolar.

Cuarto. Réxime de prezos autorizados polo concello de Santiago de Compostela

☐ Para o curso 2021-2022 manteranse os mesmos prezos públicos que foron aprobados na Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 23 de decembro de 2019, que son os seguintes:

Prezo do xantar /comensal/día: 4,50 €/día (IVE engadido)

Prezo do almorzo/comensal/día: 1,94 €/día (IVE engadido)

☐ No caso de non asistencia ao servizo de xantar e de almorzo, para o aboamento do servizo, deberá comunicalo con data límite ás 20.00 h do día anterior a través da APP *ColeChef*.

☐ Para utilizar a modalidade puntual no xantar, será necesario activar o servizo na APP antes das 16:00 h do día anterior.

☐ O importe mensual dos recibos a pagar polas familias será o resultado de multiplicar o número de días contratados ou, se é o caso, consumidos, polo prezo do servizo. Desagregará os días e os importes individualizados correspondentes e cobraranse a mes vencido. modificación do uso do servizo para o mes seguinte comunicarse antes do día 25 de cada mes anterior.

☐ Non poderán facer uso de xantar e almorzo os usuarios con recibos impagados de cursos anteriores.

Quinto. Funcionamento do servizo de madrugadores e comedores.

Os servizos de comedor e madrugadores prestaranse os días lectivos do curso escolar 2021-2022 dende o primeiro ata o último día que se estableza no *calendario escolar, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*. Tendo en conta que o servizo de comedor e madrugadores se rexen pola normativa da Comunidade Autónoma de Galicia e polo Convenio de Colaboración coa Consellería de Educación para a xestión do servizo de comedor nos curso 2021-2022 e 2022-23, se houbese algún cambio a ese respecto que poidera afectar ou ser de aplicación a estes servizos municipais con posterioridade ao acordo desta Xunta de Goberno Local, esa norma sería de aplicación e de cumprimento obrigado tanto para as persoas usuarias como para a empresa adxudataria da xestión.

Sexto. Situación sanitaria da COVID-19

Non obstante, todo o aquí sinalado queda condicionado á situación sanitaria, instrucións, variables e as directrices das autoridades competentes que se diten en relación coa COVID-19. Polo tanto é posible que, se as directrices das autoridades sanitarias ou da Comunidade Autónoma de Galicia cambian, tamén se teña que adaptar o servizo de comedores e madrugadores, o que pode obrigar a establecer restricións no número de persoas usuarias, modificacións nas modalidades de asistencia nas que se establezan novos criterios de admisión, adaptación de novos espazos, novas condicións de participación de obrigado cumprimento, entre outras, e que serán publicadas na páxina web municipal.

26. 2021/00028748X. PROCEDEMENTO: P2 - Preparación, xestión e adxudicación do contrato.

Acórdase o sometemento da proposta actualizada de estrutura de custes do servizo de xestión do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros do termo municipal de Santiago de Compostela, CON/8/2018, a información pública no Boletín Oficial da Coruña, por un prazo de 20 días hábiles. Transcorrido ese prazo sen recibir alegacións ao respecto remitirase á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia